



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 1 DE SETEMBRO DE 2016</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INTERVENTOR ACCTAL.

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

FALTAN Á SESIÓN

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas corenta minutos do día un de setembro de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO CAMBIO DE FINALIDADES DO PRÉSTAMO DO BBVA PARA INVESTIMENTOS 2016.** O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro de Facenda, D. Alberto Blanco, para explicar este punto.

Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco** dicindo que na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas do pasado 29 de agosto ditaminouse favorablemente o

cambio de finalidade de préstamo concertado o 9 de agosto deste ano co BBVA, na parte correspondente á partida 450.610.04 (Inversión. Reposición. Humanización rúas), que estaba dotada con 150.000 euros, dos cales se cambian de destino 24.751,99 € para facer fronte ás achegas que lles corresponde ao Concello da Estrada para tres subvencións solicitadas, en concreto unha de sinalización de recursos turísticos, unha ruta de senderismo e para a adquisición de tractor con destino ao desbroce de vías públicas, e que importan unha inversión de 112.512,37 €.

Intervén a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, manifestando que se trae aquí a modificación dunha partida inicialmente destinada para reparacións de vías no casco urbano (que tanto necesitan por su estado precario), non entendendo que se lles diga que nesa partida sobran preto de 25.000 euros, non sabendo que proxecto de arranxo existe na actualidade e a que rúas afectan; sen embargo se presentan aquí tres subvencións que nada teñen que ver co obxecto da partida e que deixa claro a forma de actuar do grupo de goberno, sacando cartos de partidas sen saber en que se van a executar as mesmas. Manifesta que o seu grupo político non vai a ser un impedimento para que o Concello asine diversos Convenios e que supoñan ingresos en beneficio dos veciños, pero non está de acordo coa política de inversións que se está levando a cabo, de feito, a día de hoxe, desa partida non se ha invertido nin un só euro para a finalidade que tiña prevista, o que se ve no estado desastroso das rúas. Pide, finalmente, que o grupo de goberno faga unha utilización lícita das partidas presupostarias e segundo a finalidade que lle foi dada dentro do Orzamento municipal.

Inicia a súa intervención a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando a súa disconformidade de como se levou esta iniciativa por dúas causas, en primeiro lugar pola falta de información, porque non se pode presentar unha proposta de cambio de destino dunha partida orzamentaria sen levar á Comisión a información suficiente para tomar a decisión de que facer cos cartos públicos, de feito na sesión informativa se pideu que se deixara diñeiro suficiente para o cumprimento do obxecto da partida inicial (inversión, reposición e humanización das rúas) e non se deu tal garantía, polo que non ve axeitado retirar cartos dunha partida tan necesaria; por outra banda, na Comisión pideu o proxecto ao que se ía a adicar ese diñeiro que se daba de baixa e tampouco se lles facilitou; en segundo lugar é unha manifestación clara da irresponsabilidade do grupo de goberno en canto á xestión dos cartos públicos, non entende como se pode destinar 41.322,31 € á sinalización de recursos turísticos sen ter unha previa planificación, ao igual que os outros dous. En definitiva, considera que se tratan de proxectos que non xustifican estas inversións, polo que vaise a abster na votación.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que, unha vez máis, nos atopamos cun claro exemplo da xestión deste goberno, xa que se trae a esta sesión unha proposta de cambio de diñeiro nunha partida presupostaria cando non hai nada executado dentro do destino inicial da mesma, sen que haxa un proxecto que xustifique o sobrante desos case 25.000 euros. Por outro lado di que está o detalle de a que van a adicar esos euros, é verdade de que os tres investimentos que se recollen na proposta só o da adquisición do tractor de desbroce é o máis xustificado, pero as outras dúas non hai por onde collelas, xa que non hai ningún criterio técnico que nos diga o por que se centra toda a sinalización turística na parte norte do Concello cando a maior montante de aloxamentos turísticos se atopan na parte sur, o que deixa constancia da falta de criterio e planificación. Di que outro dos proxectos é a creación dunha ruta de sendeirismo entre os coutos salmoneiros de Sinde e Couso, cando xa hai outras rutas que están totalmente abandonadas, ademais de tratarse dunha simple ruta de pescadores e que non ten outro interese. Polo anterior chega a conclusión que o que pretende o grupo de goberno é xustificar unha subvención e sen beneficio aos veciños da Estrada, polo que o seu voto vai a ser en contra desta proposta.

O **Sr. Alcalde** di que lle parece increíble que critiquen de improvisación o destino de cartos a unhas partidas derivadas da solicitude de subvencións á Xunta de Galicia e que foron convocadas no mes de xullo, polo que é imposible

prever estes gastos cando se aprobou o Orzamento municipal no pasado mes de decembro, ademais se tratan de subvencións das que o Concello sae beneficiado, pero tamén está o tema da adquisición dun tractor desbrozadora co que se reforzará o servizo de vías públicas, adquisición no que a Xunta subvencionará o 80% do seu custo mediante a sinatura dun Convenio; polo anterior non admite o argumento de improvisación, argumento que considera non vendible e que deixa claro a falta de argumentos da oposición para criticar a xestión do grupo de goberno, porque aquí se está a falar da consecución e xestión de recursos doutras administracións en beneficio do noso concello e mediante unha pequena aportación municipal, e eso se consegue mediante a participación nas convocatorias que xurdan durante o ano, sendo imposible que se prevean cando se aproba o Orzamento, por iso hai que buscar a maneira de facer fronte ás aportacións municipais que derivan das ditas subvencións ou Convenios, o que dá sentido a estas modificacións orzamentarias para non perder inversións, e esa é a xestión adecuada e rigurosa do seu grupo de goberno.

No que respecta ao tema das humanizacións, o Sr. Alcalde recorda que cando se someteu a aprobación do Orzamento municipal a oposición votou en contra, cando ían estas iniciativas para préstamo, aludindo que non se podían levar a cabo porque non se sabía se se ía a conceder dito préstamo, pero ao final o grupo de goberno fixo os seus deberes. Por outra banda se recrimina que non se invertiu ningún diñeiro desa partida para o destino que tiña, pero recorda que o préstamo foi asinado no mes de agosto, polo que dificilmente o seu goberno podería ter gastado ese diñeiro que está vinculado á sinatura desta préstamo, porque mentres non se sabía se se concedía ou non o crédito non se podía facer proxectos de inversión. Pero aclara que unha vez concedido xa o préstamo se están a elaborar proxectos de humanización como o da zona dos viños e melloras de acceso en diversas rúas do caso urbano. Recorda que agora que temos o préstamo asinado, habendo para proxectos de humanización e pavimentacións 200.000 euros (proxectos complementarios, 150.000 € para humanizacións e 100.000 € para pavimentacións de vías urbanas), ademais existe unha proposta de desenvolvemento urbano sostible da que esperan acceder a unha inversión de seis millóns de euros, dentro da cal hai unha estratexia destinada a humanizacións e melloras de accesibilidade no casco urbano por importe de un millón de euros (unha delas é a da zona dos viños). Ante o manifestado, di que esta é a realidade da adecuada e rigurosa xestión do seu grupo de goberno, pero si o que quere a oposición e quedarse co argumento de improvisación parécelle ben, pero non é a realidade, parecéndolle increíble que o Sr. Magariños critique o plan turístico cando sempre loitou por que se fomentara, sen esquecer que o goberno actual da Deputación Provincial (gobernada agora polo partido da oposición) quitou na Estrada a caseta de información turística e a ruta que pasaba pola Estrada, pero eso se obvia porque non lles interesa.

Por último, o Sr. Alcalde di que existen novas iniciativas nas que se está a traballar e que espera financiación para elas e que, xunto con estas tres subvencións tan importantes para o noso concello, deixan claro que o seu grupo de goberno non adoce de improvisación e falta de planificación e ninguén, vendo as cifras e o nivel de recursos que están a mobilizar para a realización de diversos proxectos, poden criticar deste xeito ao grupo de goberno.

Pide a palabra **Dña. Belén Louzao** para aclarar que o seu grupo político votou en contra de determinadas propostas que facía o grupo de goberno en relación a investimentos porque no compartían que certas partidas foran cen por cen a crédito, pedindo que se distribuise o Orzamento propio do Concello. Critica que o Sr. Alcalde fale so do que lle convén, porque cando menciona os tres proxectos obxecto da subvención que orixina o cambio do préstamo deixa atrás a do tractor, a cal saeu nunha Orde de decembro de 2015, polo que o fondo de compensación ambiental no que o grupo de goberno se acolle tamén se podería utilizar para facer saneamentos, abastecementos de auga, etc., polo que se lle pon difícil á oposición apoiar este proxecto xa que é imposible fiarse da palabra cando se din cousas non certas.

Ante o dito o seu grupo político non vai a ser un obstáculo para que se podan optar a estar subvencións e, en consencuencia, facer esas modificacións de créditos, pero quere que se lembre que xa estamos a un de setembro e quedan 3 meses de choiva e mal tempo e que o grupo de goberno deberían facer arranxos nos

distintos viais do casco urbano e do rural, polo que pide que executen o Orzamento xa e se deixen doutros proxectos menos importantes e fantasiosos.

Intervén o **Sr. Magariños** para dicir que estaría ben que se explicara en que consiste o proxecto de promoción turística, xa que un dos modelos que ten a Deputación é traer un autobús que deixe á xente no Pazo de Oca e despois levalos novamente aos seus puntos de residencia, entón, beneficio para A Estrada: cero; hostelería en Oca: cero; dotacións que se fan na Estrada: cero; polo que pide que digan cal é o modelo de promoción turística, porque observa improvisación, de feito os carteis son escasos e se van a poñer en estradas que pertence a Fomento, por exemplo, a sinalización do maimón de Curantes, ponse un cartel e despois chégase alí e a onde se vai?, porque é inaccesible. Polo tanto considera que se trata dun proxecto que se trae aquí para xustificar un gasto, pero morrerá no limbo, xa que non se trata dun proxecto estudado e planificado senón da creación duns carteis que quedarán aí e que non servirán para nada, so sinalizan un lugar sen explicar o contexto, recordando que as sinalizacións existentes na anterioridade eran mellores.

Contesta o **Sr. Alcalde** que claro que sí, porque as sinalizacións do bipartirto as quitou este grupo de goberno, esas sinalización de monumentos que puxeron, reflexo da súa excelente xestión de turismo....

Replica o **Sr. Magariños** que aquí se está a falar da xestión actual e non da anterior, retando o Sr. Alcalde para que publicamente fale da xestión turística que se está a levar na actualidade.

O **Sr. Alcalde** resposta que este proxecto se está iniciando con esta subvención cunha previa planificación que recollerá a sinalización das entradas principais do noso Concello, aceptando calquer proposta que a oposición faga chegar con respecto a este tema. Sen embargo recorda que o BNG e o Partido Socialista que están agora a gobernar na Deputación han reducido e quitado as bolsas para o fomento turístico no noso Concello.

Respondendo ao manifestado pola voceira do Partido Socialista, ese grupo político votou en contra e criticaron a capacidade do grupo de goberno para pedir o préstamo dicindo que era ilóxico plantexar inversións cando podería que non se tivera dito crédito, e a súa contestación foi que no mes de agosto era previsible ter o préstamo formalizado o que foi obxecto de dúbida polos socialistas e agora se demostra quen tiña a razón, demostrándose na actualidade que foi unha decisión intelixente que trae consigo diversas actuacións de pavimentacións e humanización de rúas, abastecemento de auga na Estrada, etc., as cales están xa adxudicadas ou en tramitación e, agora, con esta modificación orzamentaria, temos máis cartos para outros proxectos a maiores de humanización de vías urbanas e pavimentacións en vías rurais, polo que non pode ser criticable a xestión do seu grupo de goberno, non entendende que se critique o feito de invertir unha parte do préstamo á adquisición dun tractor desbrozadora, mediante unha subvención que está fóra do fondo de compensación ambiental, explicándolle á Sra. Louzao que dentro deste fondo ao Concello da Estrada so lle correspondeu trece mil euros polos megavatios que temos instalados no noso Concello e, dentro das de libre competitividade, non nos correspondeu nada, só lle correspondeu algo nas que sacou simultaneamente a Consellería de Presidencia para a humanización de espazos públicos e que aquí se destinaron para a humanización da Praza do Mercado; polo que eses fondos están ao marxe das subvencións obxecto do expediente que se trae aquí, e alleos ao fondo de compensación ambiental.

Así mesmo non entende como se critica o traballo de desbroce que se fai no rural e agora, que se plantexa a adquisición dun tractor para colaborar nestes desbroce, tamén se critique, pero o seu grupo de goberno considera moi importante adquirir dito tractor e esa é a política que se está a levar nestes momentos para mellorar as carencias existentes na actualidade.

Por último recoméndalle á Sra. Louzao que se poña ao sol porque mellora a felicidade das persoas e así ver as cousas dunha mellor perspectiva.

A **Sra. Belén Louzao** intervén para dicir que non admite as alusións

persoais, porque o Sr. Alcalde ten a manía de facer referencias a asuntos persoais nos debates, polo que pide que conste en acta a súa solicitude de que o Sr. Alcalde retire esas manifestacións porque ela non fixo ningunha alusión directa á súa persoa nin ao que adica a súas vacacións, limitándose a citar os argumentos deste Convenio, non permitindo que se aluda á súa vida persoal.

O **Sr. Alcalde** lle di que a Sra. Louzao que non ve o pouco afortunada que é nas súas intervencións, porque alude tamén a cuestións persoais de membros do grupo de goberno, polo tanto lle responde con toda naturalidade e sinceridade, reinterándolle que se poña ao sol e se relaxe e así verá a vida doutra maneira.

A **Sra. Louzao** di que é unha mágoa a maneira de expresarse do Sr. Alcalde, unha lástima polo manifestado.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por maioría (votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, abstención de MÓVETE e en contra do BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía de data 25 de agosto de 2016, onde consta que, co obxecto de levar a acabo unha serie de gastos de capital subvencionados pola Xunta de Galicia, considera oportuno financiar as respectivas achegas municipais cos fondos procedentes do desistimento dunha parte das obras acollidas ao préstamo contratado o 9 de agosto de 2016 co Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., unha vez se acorde o correspondente cambio de finalidades con carácter previo aos preceptivos expedientes de modificación orzamentaria.

Visto o esquema da modificación proposta:

INVESTIMENTO INICIAL			DESISTIMENTO	CAMBIO DESTINO BBVA 2016
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRICIÓN	EUROS		
450.0.610.04	Inversión Reposición. Humanización Rúas	150.000,00	24.751,99 €	24.751,99 €

NOVOS INVESTIMENTOS	CAMBIO DESTINO BBVA 2016
Sinalización de recursos turísticos e instalación de paneis informativos con tecnoloxía TIC.	12.396,69 €
Ruta de sendeirismo entre os coutos salmoneiros de Sinde e de Couso-A Estrada.	3.955,30 €
Adquisición de tractor para desbroces de vías públicas.	8.400,00 €
TOTAL.....	24.751,99 €

Visto que, segundo dita proposta, o financiamento resultante quedaría como segue:

INVESTIMENTOS	EUROS	ACHEGA AUTONÓMICA	ACHEGA MUNICIPAL
Sinalización de recursos turísticos e instalación de paneis informativos con tecnoloxía TIC.	41.322,31	28.925,62 €	12.396,69 €
Ruta de sendeirismo entre os coutos salmoneiros de Sinde e de Couso-A Estrada.	22.790,06	18.834,76 €	3.955,30 €
Adquisición de tractor para desbroces de vías públicas.	48.400,00	40.000,00 €	8.400,00 €
TOTAIS.....	112.512,37	87.760,38 €	24.751,99 €

Visto o informe de Intervención de data 25 de agosto de 2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 29/08/2016.,

**ACORDAMOS:**

Aprobar, nos seguintes termos, o cambio de finalidades do préstamo co Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., para investimentos do exercicio 2016:

-Novos investimentos:

DESCRICIÓN	CAMBIO DESTINO BBVA 2016
Sinalización de recursos turísticos e instalación de paneis informativos con tecnoloxía TIC.	12.396,69 €
Ruta de sendeirismo entre os coutos salmoneiros de Sinde e de Couso-A Estrada.	3.955,30 €
Adquisición de tractor para desbroces de vías públicas.	8.400,00 €
TOTAL.....	24.751,99 €

-Investimento substituído polos anteriores:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRICIÓN	DESISTIMENTO	CAMBIO DESTINO BBVA 2016
450.0.610.04	Inversión Reposición. Humanización Rúas	24.751,99 €	24.751,99 €

**2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE XULLO DE 2016.** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 29 de xullo de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 573/2016 ao nº 693/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

\*\*\*\*\*

**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**A) EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DA ESCOLA UNITARIA DE OCA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN ESTEBAN DE OCA.-**

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o **Sr. Alcalde** propón que se inclúa fóra da Orde do Día un expediente para a cesión gratuíta da Escola Unitaria de Oca a favor da Asociación de Veciños de Esteban de Oca, sendo o motivo da urxencia na necesitada de dita Asociación de remitir o acordo da cesión á Deputación Provincial de Pontevedra para a xustificación dunha subvención; aclarando que non serve a cesión e precario senón que debe de ser a cesión de titularidade do local.

A voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, pregunta por que se trae a esta sesión fóra da Orde do Día cando a solicitude data de 5 de xullo.

Intervén o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla**, para responder que houbo que abrir un expediente para levar a cabo este tipo de cesión que conlevaba inscricións rexistradas, informes preceptivos, entre outros trámites, e que levan un tempo facerse.

Continúa o **Alcalde** numerando a documentación que contén o expediente, aclarando que se trataban da xestión do expediente e que imposibilitou o sometelo á sesión anterior.

A **Sra. Mar Blanco** recorda que na Comisión Informativa se lles había dito que ía convocar outra Comisión para tratar este tema con máis detalle, sen embargo non sucedeu así, séndolle enviada a documentación por correo electrónico con falta de tempo de vela, polo que di que non é a forma de proceder.

O **Sr. Alcalde** se disculpa por esa actuación, prometendo que se intentará non volver a facelo, pero agora é inevitable non aprobar este expediente.

Votáse a urxencia deste asunto para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión, aprobándose por maioría (votos a favor de PP, PsdeG-PSOE e BNG, e a abstención de MÓVETE).

O **Sr. Alcalde** explica o fondo do asunto, consistente na cesión gratuita (previa solicitude e presentación da documentación necesaria pola Asociación de Veciños) da Escola Unitaria de Oca á Asociación de Veciños de San Esteban de Oca, previo inicio do correspondente expediente, no que consta o informe da Secretaría, certificación do Rexistro da Propiedade e outra documentación que deixa constancia de que se trata dun edificio previamente desafectado; dita cesión ven marcada pola urxencia de dita Asociación de demostrar que dita edificación está cedida para poder xustificar unha subvención outorgada pola Deputación Provincial de Pontevedra, pedindo o voto favorable da oposición para a súa aprobación.

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para pedir que este tipo de cesión sexa feita para as demais Asociacións que están na mesma situación. Tamén pregunta cal é a duración da cesión, xa que non consta no expediente.

Contesta o **Sr. Alcalde** que a duración é de 10 anos o cal se especificará no Convenio que se asinará coa Asociación, así como o por que se efectúa este tipo de cesión neste caso e noutras non. Explica que neste caso o criterio da Deputación era anteriormente que para que calquer ben fora movable valía con que a cesión fora en precario en caso de xustificar subvencións coa merca de electrodomésticos ou outro material; sen embargo cando a subvención é para outro tipo de inversións como cambio de fiestras, reformas que afecten ao edificio, adecuación de obras que afecten á estrutura do inmovible, etc., entón a Deputación entende que a xustificación non se pode facer cunha cesión en precario, senón que ten que ser unha cesión formal na que o Concello acredite que ese inmovible vai a estar durante un tempo en propiedade de uso desa Asociación; polo que, ao mellor, nos próximos meses teñan que abrirse outros expedientes idénticos para outras Asociacións que teñen neste momento cedidas en precario outras Escolas Unitarias.

A **Sra. Belén Louzao** advirte da existencia dun erro na Providencia da Alcaldía que consta no expediente en canto a que nela se reflexa unha equivocación con respecto á denominación da Asociación, polo que solicita a súa corrección.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado con data 05/07/2016 (RE nº 8723) pola Asociación de Veciños de San Esteban de Oca, polo que solicita a cesión da Escola Unitaria de Oca .

Vista a memoria xustificativa do uso que se pretende dar á Escola Unitaria de Oca polo dita



Asociación.

Visto o expediente aberto a partires da nomeada solicitude, onde constar os informes técnicos necesarios e os informes da Secretaría de datas 6 de xullo e 1 de setembro de 2016.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Cultura de data 01/09/2016.

### **ACORDAMOS:**

1º.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente a escola unitaria de Oca á Asociación de Veciños de San Esteban de Oca, entidade sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

2º.- Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Cultura. .

\*\*\*\*\*

### **3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Inicia o turno de Rogos e Preguntas a voceira do PsdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**. En primeiro lugar di que na acta da Xunta de Goberno Local o 28 de xuño de 2016 faltan os puntos correspondentes a responsabilidade patrimoniais, polo que solicita que se remita acta completa.

Tamén da conta das solicitudes que lle chega de distintas parroquias para que se poñan máis contedores de lixo, sobre todo naquelas onde hai casas de turismo rural e onde a poboación se incrementa con motivo da tempada de verán, así como o servizo de recollida de lixo.

En terceiro lugar, traslada a solicitude da parroquia de Sabucedo para que se proceda ao mantemento do parque infantil, o cal está na actualidade deteriorado e en mal estado.

Prega que se inste á Xunta de Galicia para facer un adecuado mantemento da depuradora de Sabucedo, xa que os veciños se queixan de que a mesma está vertendo espuma de xeito habitual.

Traslada, así mesmo, a peticións dos veciños de Sabucedo para que se arranxe a canalización do camiño que vai do curro novo ao curro vello.

Como último rogo solicita que se arranxen as vías interiores de Figueroa, xa que na zona do cemiterio vese o mal estado en que está a estrada de acceso ao mesmo.

Por último, quere facer tres preguntas: en primeiro lugar di que fai pouco se fixo unha remodelación da Praza do Mercado e quere saber que se ten pensado facer no tema dos contedores, se van a ser soterrados. En segundo lugar quere saber que se fixo con aqueles elementos de ximnasia que agora foron substituídos por bancos diante da residencia da terceira idade, preguntando se se van a repoñer ou non. A terceira pregunta é se sabe o grupo de goberno o que vai a facer coa nave provisional que se colocou na Praza de Abastos con motivo da construción do novo Mercado, porque agora mesmo está a podreecer en Guimarei.

O **Sr. Alcalde** contesta á Sra. Belén Louzao dicindo que, por parte do seu grupo de goberno, non existe ningún ánimo de "revisionismo" das obras feitas polo goberno anterior, de feito se mantiveron as obras ben feitas e con respecto a outras se intentaron mellorar; así, con respecto á remodelación da Praza do Mercado, se volveu a colocar a pérgola e, a maiores, se colocaron máis xogos infantís así como unha reorganización e limpeza importante da mesma, sobre todo no tema de reforzar a seguridade viaria nesa zona e, co arranxo da zona de viños, se irá creando un espazo agradable de ocio e para disfrute dos veciños. En relación

cos contedores, sabe que hai algunha queixa con respecto aos que están na rúa de América e no ámbito da Praza do Mercado, sobre todo polos olores que xeneran basicamente polo mal uso que fan deles algún negocio da zona, polo que se está a valorar o que se vai a facer ao respecto máis que proceder ao soterramento dos contedores, sen embargo recorda que na rúa Waldo A. Insúa está previsto instalar contedores soterrados á altura das esqueiras de acceso ao novo Mercado.

No que se refire aos aparellos de xerontoximnasia manifesta que non tiñan un uso adecuado polo que decidiron retiralos e situar no lugar unha zona de parladoiro con bancos adecuados, non habendo ningunha intención de volvelos a colocar, estando nestos momentos na nave de Guimarei algúns e outros foron recolocados noutras zonas, pendentes de valorar o que se vai a facer con eles nun futuro.

En canto a nave provisional que se colocou con motivo da construción do edificio do Mercado está no parque municipal de Guimarei, pendente da reestruturación que se está a facer na parcela de Guimarei para a ubicación do Centro Hípico, de tal xeito que despois se valorará o uso que poida ter neste entorno ou outra iniciativa ou necesidade que poida ter o propio parque de maquinaria.

A **Sra. Belén Louzao** recórdalle ao Sr. Alcalde o tema da depuradora de Sabucedo, preguntando se é posible facer unha moción conxunta para instar á Xunta a que solucione o problema.

Contesta o **Sr. Alcalde** que lle parece boa idea o facer a moción conxunta con respecto a ese tema e, unha vez adoptado o acordo correspondente, remitilo á Xunta de Galicia.

Inicia o seu turno a Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para formular unha serie de preguntas. A primeira é se saíu publicada a RPT?

Responde o **Sr. Alcalde** que non está publicada aínda, estando pendiente de remitir o anuncio pola Secretaría Xeral.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** se hai algún motivo para o retraso da dita publicación.

O **Sr. Alcalde** resposta que é tan só unha cuestión de encaixe do departamento de Secretaría, pero espera que dita publicación salga nos próximos días.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** se ese retraso na publicación afecta á sentenza xudicial.

O **Sr. Alcalde** di que non, porque a RPT está aprobada e a publicación só afecta á entrada en vigor da mesma.

Continúa co seu turno a **Sra. Mar Blanco** preguntando cal é opinión do grupo de goberno con respecto ao desmantelamento do Grupo de Cans de Rescate, sobre todo tendo en conta que os voluntarios que dimitiron fixeron declaracións sobre a falta de apoio do Concello, considerando importante que se poña en valor o traballo deste grupo e o recoñecemento a nivel internacional do que goza.

O **Sr. Alcalde** di que publicamente recoñeceu o traballo altruista deste grupo, ademais dos que había antes; esta situación non é máis que unha nova etapa, discrepando con esa opinión de que foi causa dunha falta de apoio do seu grupo de goberno. Di que se trata dunha actividade non vinculada á xestión municipal, senón dun grupo dentro de Protección Civil, do que o Alcalde é o máximo responsable, sen embargo ten os seus propios estatutos e unha realidade allea a este Concello. Reitera que para o grupo de goberno é un orgullo e que se trataba dun servizo que recaía sobre persoal voluntario e, aínda así, dende o Concello se asumiron a totalidade dos gastos dese grupo de Cans de Rescate o que está xustificado con facturas, entre elas merca de comida para os cans, combustible, teléfono, gastos de desprazamento, etc. Admite o Sr. Alcalde que houbo discrepancia con respecto á interpretación dun suposto acordo que había entre este Concello e Protección Civil en relación ás horas que había que cederlle aos voluntarios que concidían que

ademais eran funcionarios, e entende que o goberno non pode penalizar uns servizos fundamentais e básicos como é o de emerxencias ou traslados en ambulancia ou seguridade cidadán, por que un voluntario teña que desprazarse a unha exhibición de cans de rescate ou a cursos de formación, polo que nese caso cando se puido organizar o servizo se lle concederon eses días de xeito non recuperables pero, noutros casos, non se lle pudo conceder porque alterable un servizo fundamental, considerando que a súa responsabilidade principal e garantir a seguridade cidadán, a pesares de que se intentou ser flexible nestes casos. O Sr. Alcalde recorda que, incluso, se lle deron permisos para acudir a concursos non homologables e que non repercutían directamente no servizo senón que eran de carácter persoal e sen cuestiornalles os gastos presentados por tales motivos. Finalmente, di que entende que haxa unha parte de crítica e outra de cansancio por ese traballo que necesita tanta dedicación ademais de ser difícil e duro, polo que ao mellor foi causa de que moitos voluntarios o foran deixando, pero o grupo de goberno ten a intención de continuar apoiando este Grupo de Cans de Rescate e tomar todas as iniciativas posibles para a continuidade deste servizo.

A **Sra. Mar Blanco** recorda que na pasada sesión plenaria se falara das consecuencias do raio que caera na Casa do Concello quedándose en convocar unha Comisión Informativa para valorar economicamente os desperfectos ocasionados por tal motivo así como para buscar alternativas para evitar que volva a suceder, sen embargo aínda non se convocou dita Comisión, preguntando para cando está prevista a celebración da dita sesión informativa.

O **Sr. Alcalde** resposta que xa hai orzamento para a reparación da cúpula e do reloxo, pero o que está resultando difícil é a consecución de empresas que presuposten a posta en marcha do pararraios da Casa Consistorial e a revisión dos outros existentes no municipio, sen embargo xa hai conversación con algún interesado e espera que ao longo da semana que ven se poda contar con algunha proposta económica.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** dicindo que durante o mes de agosto houberon varias protestas veciñais sobre o estado da rúa de Guimarei e da rúa 56 (que da acceso á Estrada dende Santiago), polo que pregunta se se ten algo previsto para a reparación de ditas rúas.

Contesta o **Sr. Alcalde** que a rúa 56 está incluída dentro do paquete de obras de pavimentacións urbanas que se adxudicou nesta semana, polo que pensa que ditas obras estarán feitas non máis alá do mes de outubro. Con respecto á rúa de Guimarei, di que está incluído dentro doutro proxecto de obras xa valoradas e que supón unha inversión de case cen mil euros, pero neste momento se está pendente da autorización por parte de Patrimonio e, unha vez recibida, se procederá de forma inmediata á execución de dita obra.

A **Sra. Mar Blanco** di que foi aprobada unha moción para instar á Xunta para que controlara as plantacións ilegais de eucaliptos, sen embargo a día de hoxe se seguen facendo e, a pesares de que sabe que non é competencia municipal a regulación neste tipo de temas, pero pregunta se por parte do Concello se está a facer algo a este respecto.

O **Alcalde** entende que os técnicos municipais están en coñecemento desta cuestión e están dando traslado destas das plantacións observadas ao organismo correspondente da Consellería de Medio Rural.

A **Sra. Mar Blanco**, di que Lei de Prevención de Incendios recolle que todos os concellos deben de ter unha regulación específica para a prevención de incendios, polo que pregunta se o noso concello a ten ou non.

Contesta o **Sr. Alcalde** descoñece este punto, pero di que se está a cumprir co estipulado na Lei de Montes, así, dende o noso organismo, se está a requirir a aqueles veciños con propiedades que teñen risco de incendios e no marco de 50 metros do núcleo de vivendas para que limpen as súas fincas coa súa correspondente

sanción en caso de incumprimento. Así mesmo di que falou co Técnico municipal e co Concelleiro Juan Constenla para poñerse dentro do mes de setembro na elaboración dunha Ordenanza que recolla o tipo de plantacións e a distancia a núcleos encamiñado todo ao tema de incendios.

Insiste a **Sra. Mar Blanco** na pregunta de se hai un plan de regulación de incendios.

O **Sr. Alcalde** di que na actualidade hai un Convenio asinado coa Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios, pero reitera que non existe un regulamento municipal en cuestión de incendios que xestione a actuación nese tipo de problemática, remitíndose ao dito anteriormente con respecto á necesidade de redactar unha Ordenanza nesta materia.

**Pregunta a Sra. Mar Blanco** onde están eses Convenios asinados coa Xunta en materia de prevención e actuación de incendios, contestado o Sr. Alcalde que pase pola Alcaldía e se lle facilitará copia dos mesmos.

Seguindo no seu turno de intervención, a **Sra. Mar Blanco** manifesta que actualmente hai dúas motobombas no Concello e catro condutores e, tendo en conta o sinalado no Convenio sobre que teñen que estar operativas 16 horas ao día, entón non entende o horario e turnos que ditos condutores teñen que facer para cumprir con elo.

O **Sr. Alcalde** di que se lle contestará por escrito porque non o sabe e descoñece como está organizado este servizo, pero adelántalle que o persoal cumpre cos horarios establecidos sen facer máis horas das que estipuladas por lei.

Para finalizar a **Sra. Mar Blanco** di que houbo unha alarma de incendio fai unha semana en Arca, procedéndose a chamar ao GES e non se atendeu a pesares de que está obrigado cando se chama a través da cuadrilla de incendios, preguntando se sabe o por que.

O **Sr. Alcalde** contesta que hai que diferenciar entre o Grupo de Emerxencias e a Brigada de Incendios, e estos se movilizan cando se chama ao 112 e non por chamadas de particulares, para este último caso xa están as brigadas de incendios municipais, recordando que o GES no está só para incendios forestais senón que actúan como apoio, pero sempre a través do 112.

Inicia o seu turno de intervención o voceiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, pregunta con respecto ao transporte de lixo a Cerdeda, que tipo de contrato se ten asinado e cando remata o mesmo, pedindo se se lle pode contestar por escrito.

O **Sr. Alcalde** infórmalle (sen a total garantía) que en materia de recollida de residuos a maioría dos concellos ou ben os levan directamente á planta ou ben utilizan as plantas de transferencia, no ano 2000 este Concello chegou a un acordo polo que non asumiría o custo de transporte dese lixo sempre en cando se adquirise un remolque compactador e, deste xeito, o gasto sería asumido pola propia SOGAMA, así que o noso concello non ten que trasladar o lixo á planta principal ni a outra planta de transferencia, senón que é a propia SOGAMA a que asume o custe da cabeza tractora que é a que desplaza directamente o lixo. Do anterior dedúcese que actualmente este Concello ten un contrato coa empresa pública SOGAMA sobre a xestión de lixo cun prezo establecido pero, en ningún caso existe un contrato con outra empresa concertada ou mediadora.

O **Sr. Xosé Magariños** formula un rogo para a retirada do cableado do alumado que foi colocado con motivo das Festas Patronais.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se está a traballar nese tema, de feito no día de hoxe se chamou á empresa responsable para que o retirara despois de varias veces,

recibindo a contestación de que se tratan de datas moi complicadas pola celebración de festas de verán en moitos sitios e lle é difícil.

Traslada outros rogos o **Sr. Magariños**, en primeiro lugar que se corrixa a sinal existente no acceso a Escola Infantil municipal, de xeito que en vez de "AGAS GARDERÍA MUNICIPAL" pola "AGÁS ESCOLA INFANTIL". En segundo lugar que se arranxe na rúa 56, intersección coa rúa Antón Losada, a rotonda.

Con respecto a este último rogo o **Sr. Alcalde** di que esa obra é complicado sendo necesario valorar o cambio de sinalización porque outro tipo de arranxo é difícil.

O **Sr. Magariños** pide que sexa retirado o montón de terra que está na Praza do Concello.

O **Sr. Alcalde** di que se está a diseñar un mosaico no pavimento onde estará representado o Concello coas súas 51 parroquias, para o que se retirará ese óvalo de terra existente actualmente.

O **Sr. Magariños** di, con respecto ao manifestado na súa intervención pola concelleira Mar Blanco, que o Concello da Estrada, cando gobernaba o bipartido, foi un dos primeiros en aprobar un Plan de Prevención de Incendios, ao que o **Sr. Alcalde** di que se debe diferenciar entre o que é un plan de prevención e un plan de actuación, sendo necesario aprobar unha Ordenanza que regule a nivel municipal eses problemas que xurdan e que non se encadren dentro dos Convenios asinados coa Xunta, como por exemplo a obriga dos veciños de manter limpas as fincas para evitar riscos de incendios.

Interrompe a **Sra. Belén Louzao** para engadir un rogo consistente en que se sinalice a entrada ao CEIP de Oca dende a N-525.

Continuando no seu turno, o **Sr. Xosé Magariños** di que observou que outro día estíbese a facer traballos de desratización na rúa Gradín, preguntando se era o Concello o que o estaba a facer.

Contesta o Concelleiro **D. Juan M. Constenla** que o Concello ten contratado un servizo periódico de desratización, pero cré que os traballos que se estaban a facer na rúa Gradín eran por encargo particular dunha empresa da zona, o que confirma o Sr. Alcalde.

Para finalizar o **Sr. Magariños** di que sería fundamental para evitar moitos problemas deste tipo que se rozaran as silvas das fincas.

Contesta o **Sr. Alcalde**, remitíndose ao dito anteriormente, que por iso é importante á redacción e aprobación da Ordenanza da que falaba antes, e que non só afectará aos terreos sitos a menos de 50 metros de núcleos de poboación, senón tamén a terreos sitos no núcleo urbano e deste xeito evitar, non só incendios, senón tamén a existencia de ratas.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas cinco minutos.

A Estrada, 1 de setembro de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso